



Colexio Marista "A Inmaculada"
Lugo

PROXECTO EDUCATIVO

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO, ORGANIZACIÓN E IDEARIO

1/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

- **HISTORIA DO COLEXIO**

O noso Colexio pertence á congregación dos Irmáns Maristas. A Congregación foi fundada por San Marcelino Champagnat en 1817 cun obxectivo claro: dar a coñecer a Xesucristo e facelo amar, con María como modelo e nai.

O colexio foi fundado co espírito de Marcelino en 1907 a petición do obispo de Lugo D. Benito Murúa, que pediu ós irmáns maristas de Xirona que viñesen a facerse cargo dunha fundación. O día 1 de setembro dese ano inaugurouse na rúa Bispo Aguirre unha escola para nenos pobres dirixida polos Irmáns Maristas. Inicialmente abríronse dúas aulas con 120 alumnos en total. Posteriormente abríronse dúas aulas máis solicitadas pola cidade.

En 1908 había 5 aulas. Debido ó aumento do número de alumnos e as demandas sociais o colexio vai cambiando de ubicación e de edificios: en 1914 estreouse un novo colexio chamado Santiago Apóstol, no curso 1914-15 estréase o novo colexio co nome de Sagrado Corazón, posteriormente Seminario Menor. Coa II República pasa a chamarse Academia Galicia.

En 1958 adopta o nome actual coa aprobación oficial concedida polo Ministerio de Educación. Un ano despois, sendo alcalde de Lugo o Excmo. Sr. D. Ramiro Rueda Fernández, concédennlle a Medalla de Plata da cidade de Lugo aprobada en sesión plenaria do 30 de decembro de 1959.

En 1985 comeza a construírse un novo edificio unido ó que xa había na ubicación actual, paralelo á rúa Anxo López Pérez. Dous anos despois refórmase a parte antiga.

Hoxe en día permanece nesa zona emblemática de Lugo admirando á Muralla.

- **ESTUDO E ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR**

- a. Datos de identificación**

- NOME: COLEXIO A INMACULADA
- CÓDIGO: 27006322
- ENTIDADE TITULAR: IRMÁNS MARISTAS
- DOMICILIO: AV. ALCALDE ANXO LÓPEZ PÉREZ, 2
- CONCELLO: LUGO
- PROVINCIA: LUGO
- TELÉFONO: 982280392
- CORREO ELECTRÓNICO: lugo@maristascompostela.org
- PÁXINA WEB: www.maristaslugo.com
- ENSINANZAS QUE ABARCA: Infantil, Primaria e Secundaria



Colexio Marista "A Inmaculada"
Lugo

PROXECTO EDUCATIVO

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO, ORGANIZACIÓN E IDEARIO

2/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

- Nº DE UNIDADES AUTORIZADAS:
 1. Infantil: 6
 2. Primaria: 12
 3. Secundaria: 8
- HORARIO XERAL:
 1. Infantil e Primaria:
 - a. Mañás: 9:25-12:30
 - b. Tardes: 15:25-17:25
 2. Secundaria:
 - a. Luns: 8:40-13:30 e 15:35-18:00
 - b. Martes-Venres: 8:40-14:20
- SITUACIÓN XURÍDICA: CONCERTADO

b. ESTRUCTURA E ELEMENTOS MATERIAIS

O colexio está composto de dous edificios, en forma de "L", comunicados entre si. Unha ala, a máis nova, dá á rúa Anxo López Pérez e outra á Praza da Constitución. En cada un dos edificios hai 3 plantas. A planta baixa alberga os dous patios, un cuberto e outro descuberto que da á Muralla, cos seus correspondentes baños e vestiarios. Nela tamén se atopan as dúas aulas de 1º de infantil, o comedor e o ximnasio cos vestiarios e os baños. Dende o patio cuberto accédese á aula de diversificación e a aula de Tecnoloxía.

A primeira planta, na parte máis nova, é a zona da entrada principal; despachos de: dirección, xefatura de estudos, secretaría, administración, a conserxería, a sala do profesorado, e dous baños. Dende aquí accédese ás dúas alas. Distribúense como se describe a continuación:

- Ala que da á rúa Anxo López Pérez. Na primeira planta hai un total de 5 aulas, unha de 3º de primaria e as de 4º e 6º de primaria, un baño e o despacho da especialista de Audición e Linguaxe. Na segunda planta están dúas aulas de 5º de primaria, dúas de 2º ESO, e unha de 1º ESO, un baño e unha sala de ordenadores para uso do profesorado. Na terceira planta atópanse dúas aulas de 3º ESO, dúas de 4º ESO e unha de 1º ESO, un baño e o despacho de orientación.
- Ala que da á Praza da Constitución. Na primeira planta está unha aula de 3º de primaria, dúas aulas de EI de 4 anos, dúas aulas de EI de 5 anos, o Salón de Actos e unha aula para reforzo educativo para



Colexio Marista "A Inmaculada"
Lugo

PROXECTO EDUCATIVO

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO, ORGANIZACIÓN E IDEARIO

3/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

alumnos de primaria. Na segunda planta: dúas aulas de 1º de primaria, dúas aulas de 2º de primaria, aula de informática e laboratorio.

No que respecta o material didáctico que aporta o colexio fanse revisións anuais comprobando o seu estado, facendo investimentos en materiais TIC en material informático, pizarras dixitais, mapas, biblioteca ...

c. OFERTA EDUCATIVA

No centro ofrécese ademais das ensinanzas reguladas as seguintes innovacións pedagóxicas:

- Proxecto de anticipación da 1ª lingua estranxeira no segundo ciclo de Educación Infantil.
- Programa de Diversificación Curricular na ESO.
- Proxecto de interculturalidade para alumnos de familias inmigrantes, integrado dentro do Plan de Convivencia.
- Publicación da revista virtual O Fachinelo.
- No que respecta a actividades complementarias:
 - Saídas culturais: El progreso, Fundación Caixa Galicia, Museo, Parque de tráfico, Planetario-Casa das Ciencias de A Coruña, Fragas do Eume, Parque de Cabárceno, Madrid, Cuevas de Valporquero, Nacemento do Miño, San Paio de Narla, Santa Eulalia de Bóveda, Castro de Viladonga, Leite Río, Andainas polas zonas fluviais do Miño e do Rato, Biblioteca Provincial, Mosteiro Medieval, Penas de Rodas, Balneario de Pardiñas
 - Obradoiros didácticos: Granxa Escola Barreiros, Casa do Queixo, Marcelle, Avifauna, O Veral, Alvarella.
 - Representacións teatrais: Auditorio, Círculo das Artes, Colexio San Xosé, Centros sociais de Fingoi e Uxío Novoneira.
- No que respecta a actividades de servizos:
 - Comedor escolar para todos os cursos, servido pola Empresa Grupo SERUNIÓN. Hai persoas responsables de 12:30 a 15:30 h. Para comer días soltos avisar o mesmo día de 9:00 a 10:00 h.



Colexio Marista "A Inmaculada"
Lugo

PROXECTO EDUCATIVO

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO, ORGANIZACIÓN E IDEARIO

4/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

- Transporte escolar. Empresa Concesionaria TRIGO (coordina ANPA). Rúa Castelao, 65 baixo – Telf. 982 22 80 52.
 - Servizo de Madrugadores, para alumnos desde 3 anos ata 6º de Primaria. De 8:00 ata comezo das clases. Pode ser con almorzo.
 - Os/as alumnos/as de Infantil, Primaria, 1º e 2º de ESO están asegurados/as na compañía "GROUPAMA SEGUROS Y REASEGUROS, S.A." e son atendidos no Sanatorio da Nosa Señora dos Ollos Grandes (R/ Montevideo, 23).
 - Servizo de Biblioteca, para estudar de 17:30 a 18:30 h. (Luns a Xoves)
 - chándal do Colexio e a camiseta pódena atopar en MIGUEL SPORT (R/ Bispo Aguirre, nº 3-5-7)
- Actividades extraescolares
 - Baloncesto, fútbol, atletismo (1ºEP-ESO) – CLUBE POLIDEPORTIVO MARISTA
 - Karate e Judo (2º Infantil-ESO)
 - Inglés coa empresa KITH (2º Infantil-6º Primaria)
 - Hora extra para Infantil con ACTIVA (todos os días de 12:30-13:30)
 - Debuxo e pintura, Informática C&P e baile moderno coa empresa ACTIVA (Primaria)
 - Actividades de titoría en todos os cursos. Destacamos dúas titorías o ano para os alumnos de 4º ESO con actividades de acompañamento solidario co Centro ocupacional de San Vicente de Paúl. Este alumnado pertence ó grupo de voluntariado da ONGD marista SED: Solidariedade, Educación e Desenvolvemento.
 - Movemento xuvenil MARCHA coa asociación TRES VIOLETAS, que involucra a alumnado de ESO con actividades, xuntanzas e campamentos de verán.

d. ENTORNO

- O noso colexio está a uns metros do casco histórico da cidade e moi próximo á Muralla, separado por unha rúa. En fronte atópase a Estación de autobuses e o edificio da policía local.
- Edificios e institucións nun radio de 300 metros: Museo Provincial, Centro Social caixa Galicia, Biblioteca pública, Edificio do Concello, Edificio da Xunta de Galicia, centro de saúde Fingoi, Clínica Dinan, Centro Social Uxío



Colegio Marista "A Inmaculada"
Lugo

PROXECTO EDUCATIVO

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO, ORGANIZACIÓN E IDEARIO

5/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

Novoneira, Centro social de Fingoi, Escola universitaria de Maxisterio coa que colaboramos acollendo alumnado para prácticas escolares.

- O nivel socio-económico das familias é medio, a maioría pertencen ó sector servizos: banca, autónomos, sanitario, comercio, funcionarios, ensinanza.... A maior parte das familias viven preto do centro da cidade, sendo moi poucas as que viven na periferia. Este aspecto está moi relacionado con que a lingua maioritaria empregada por familias e alumnado é o castelán.
- É de destacar a boa predisposición das familias para colaborar co colexio en todas as tarefas e actividades relacionadas co aspecto académico e curricular. Esta colaboración manifestase en varios apartados: no contacto co profesorado, participación en campañas e actividades propostas polo centro, asistencia a charlas, reunións...

e. Proxección no entorno

- Participación en propostas do Concello:
 - Almorzos saudables para primeiro Ciclo de primaria
 - Concurso de debuxo e redacción "A Muralla"
 - Programa de prevención drogodependencias
- Outros organismos
 - Clases sen fume
 - Cinensino
 - Plan director sobre mellora da convivencia escolar
 - Colaboración con Caritas, Asilo Sor Ángela de la Cruz e Asociación Promoción xitana.
 - Colaboración co Centro Ocupacional San Vicente de Paúl
 - Participación conxunta con outros colexios na celebración do Día Escolar da Paz.
 - Participación no Premio Literario Frei Martín Sarmiento.
 - Colaboración coa ONGD Solidariedade, Educación e Desenvolvemento.
 - Celebración do Día da Familia en Vilalba
 - Celebracións na parroquia Santiago A Nova

f. Proxección de futuro



Colegio Marista "A Inmaculada"
Lugo

PROXECTO EDUCATIVO

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO, ORGANIZACIÓN E IDEARIO

6/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

Para atender as necesidades da cambiante sociedade e os centros de interese do alumnado impulsamos os seguintes proxectos:

- Plurilingüismo
- Calidade Educativa
- Innovación pedagóxica

- **IDENTIDADE E IDEARIO**

O COLEXIO MARISTA A INMACULADA.

- É un lugar de aprendizaxe, de vida, de evanxelización. Como colexio, ensina aos/ás alumnos/as “a aprender a coñecer, a facer, a vivir xuntos, a ser”. Como colexio católico, é un lugar de comunidade no cal se vive e transmite a fe, a esperanza e o amor, e no que os/as alumnos/as asumen progresivamente a harmonización de fe, cultura e vida. Como colexio católico de tradición marista, adopta o principio de Marcelino Champagnat de educar os/as nenos/as e mozos/as á maneira de María.
- Expresamos o noso sentido de misión compartida formando unha comunidade educativa entre o profesorado (segrais e irmáns), pais/nais, alumnos/as e persoal non docente. Axudámonos uns/unhas a outros/as nas nosas funcións complementarias.
- Xuntos asumimos un proxecto e uns valores esenciais baseados na ampla visión da educación marista. Este proxecto explicita a nosa identidade, o noso ideal educativo, o carácter particular do noso centro no seu contexto local, así como as nosas prioridades.
- Os/as nosos/as alumnos/as son o centro do noso interese no concernente á organización e vida escolar. Axudámoslos a adquirir coñecementos, a desenvolver as súas capacidades e medrar en valores a través do descubrimento da natureza, dos demais, de si mesmos e de Deus. “Educar bos cristiáns e honrados cidadáns” (Marcelino Champagnat). Estimulamos o sentido crítico e a presenza renovadora na sociedade para conseguir que sexa máis humana e xusta.
- Sabemos que os/as alumnos/as non son iguais nas súas capacidades persoais nin nas súas circunstancias persoais ou familiares. Respectamos tal diversidade ao desenvolver os nosos proxectos e prácticas pedagóxicas.
- Animamos aos/ás nenos/as e xoves a esforzarse na súa propia superación. Cómpre que vexan que confiamos na súa capacidade para avanzar e medrar.



Colexio Marista "A Inmaculada"
Lugo

PROXECTO EDUCATIVO

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO, ORGANIZACIÓN E IDEARIO

7/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

Ao levar adiante a planificación educativa, prestamos especial atención aos/ás alumnos/as con carencias afectivas, emocionais ou intelectuais. Tratamos de crear situación de aprendizaxe onde todos/as e cadaquén poidan medrar e sentirse seguros/as persoalmente.

- Á luz do noso proxecto e segundo as correntes educativas e pedagóxicas afianzadas entre nós, determinamos programas educativos, contidos curriculares e métodos de ensino. Tentamos satisfacer as aspiración dos/das alumnos/as e as expectativas dos/das seus/súas pais/nais no que se refire á elección de estudos e á cualificación profesional.
- Promovemos unha educación integral, incluíndo actividades deportivas para desenvolver destrezas e coordinación corporal e fomentando a formación da personalidade, o traballo en equipo, a disciplina persoal o recoñecemento das limitacións, a aceptación do fracaso e o desexo de superarse.
- Concedemos especial importancia á formación dos/das nosos/as alumnos/as para o uso das tecnoloxías informáticas e da comunicación, tratando de dotalos de sentido crítico ante os medios.
- Somos emprendedores na dotación dos materiais e recursos que demandan os cambios económicos, tecnolóxicos, científicos e sociais.
- Estamos abertos a todos/as os/as alumnos/as calquera que sexan as súas crenzas, sempre que as súas familias acepten o noso Proxecto Educativo. Respectamos a súa liberdade persoal e ofrecemos a todos/as unha formación moral e espiritual. Ensinámoslles a descubrir o sentido das súas vidas, a comprometerse a prol da integridade da creación e a vivir honradamente. Fomentamos o crecemento das dimensións ética e transcendente da persoa, acentuando valores como a familia, a liberdade, o sentido crítico, a participación, a xustiza, a solidariedade, a convivencia e a paz.
- Determinamos plans de atención personalizada e de orientación para coñecer mellor os/as nosos/as alumnos/as, proporcionarlles o debido acompañamento, favorecer o seu desenvolvemento nas habilidades persoais e sociais. Ofrecemos un servizo de orientación académica e persoal aos/ás alumnos/as que o queiran.
- No que se refire á disciplina, a nosa tradición marista oriéntase a crear un ambiente de serenidade e orde no que os/as alumnos/as poidan estudar e aprender e no que poidamos previr os problemas. Cremos e propiciamos o respecto ás normas como bases sobre as que se asenta a convivencia.
- Fieis á nosa misión de evanxelizarse a través da educación e co fin de axudar aos/ás alumnos/as a harmonizar a nosa fe, cultura e vida, buscamos maneiras explícitas de alimentar a súa fe persoal e o seu compromiso social.
- Deseñamos un programa de educación relixiosa acorde coas directrices da Igrexa, o noso propio ideario e a lexislación educativa. O noso proxecto é que



Colexio Marista "A Inmaculada"
Lugo

PROXECTO EDUCATIVO

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO, ORGANIZACIÓN E IDEARIO

8/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

os/as alumnos/as se familiaricen coa historia de Xesús, o que significa hoxe ser cristián e descubran valores nos que fundamentar as súas vidas. Máis alá da aula proporcionamos aos/ás alumnos/as outras oportunidades para que expresen a súa fe e maduren nela. Celebramos a nosa fe nos momentos especiais do ano con actos litúrxicos, nos que se reúne a comunidade cristiá de pais/nais, profesores/as e alumnos/as. Tratamos de expresar a nosa visión cristiá da humanidade, o mundo e Deus coa linguaxe de hoxe e mediante símbolos actuais.

- Educamos na solidariedade, promovemos o diálogo e a tolerancia, a sensibilidade ante as necesidades materiais, culturais e espirituais da humanidade, ofrecendo aos/ás nosos/as alumnos/as alternativas de compromiso que os/as poñan en contacto con situacións e experiencias próximas de pobreza. Animamos así a toda a comunidade educativa a concretar accións de solidariedade.
- Pensamos que a diversidade e o pluralismo na escola favorecen a interculturalidade, porque ofrece a posibilidade de convivir con outras culturas, aporta novos valores e serve de estímulo e enriquecemento á vida dos/das nosos/as alumnos/as.
- Optamos por traballar en colaboración coas familias, abertos ao diálogo e á cooperación, para poder, entre todos/as, superar as dificultades diarias.
- No quefacer diario da vida escolar de hoxe, tratamos de sementar esperanza e soñamos cun futuro para os/as nosos/as nenos/as e mozos/as.

Un peculiar estilo marista.

- Marcelino Champagnat é a raíz que dá a vida á educación marista. Os tempos e as circunstancias cambian, pero a súa espiritualidade e a súa mensaxe seguen vivos nos nosos corazóns. Nós, como educadores/as maristas, compartimos e continuamos o soño de Marcelino de transformar as vidas e a situación dos/das nenos/as e mozos/as, particularmente os/as menos favorecidos/as, ofrecéndolles unha educación integral, tanto na dimensión humana como na espiritual.
- O noso estilo educativo fundaméntase nunha visión verdadeiramente integral da educación que busca conscientemente comunicar valores. Desta maneira, compartimos esta visión con moitos/as educadores/as, especialmente no ámbito eclesial. Para isto, utilizamos unha metodoloxía pedagóxica peculiar que Marcelino Champagnat e os primeiros maristas iniciaron.
- Facemos noso o seu pensamento "para educar ben os/as nenos/as hai que amalos/as a todos/as por igual". Segundo este principio, as características



Colexio Marista "A Inmaculada"
Lugo

PROXECTO EDUCATIVO

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO, ORGANIZACIÓN E IDEARIO

9/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

particulares do noso estilo educativo son: presenza, sinxeleza, espírito de familia e amor ao traballo.

É a suma destas calidades e a súa interacción o que dá á metodoloxía marista a súa orixinalidade, tratando de integrar o evanxeo nas nosas vidas.

Espírito de familia.

Onde queira que esteamos, comprometémonos a construír comunidade entre todos/as os/as que se relacionan coas nosas institucións e actividades: os/as que traballan con nós, os/as nenos/as e mozos/as que nos foron encomendados/as e as súas familias. Todos/as deben sentirse na súa casa; e debe prevalecer un espírito de acollida, aceptación e pertenza, de xeito que todos/as se sintan valorados/as e apreciados/as.

Amor ao traballo.

- O amor ao traballo esixe unha preparación coidadosa das nosas clases e actividades educativas: corrección das tarefas da aula e dos traballos dos/das alumnos/as, planificación do noso quefacer diario, avaliación dos nosos programas e apoio complementario para aqueles que presenten calquera tipo de dificultade. Iso supón iniciativa e decisión para atopar respostas creativas ás necesidades dos/das nenos/as e mozos/as.
- A través dunha pedagogía do esforzo, tratamos de que os/as nenos/as e mozos/as adquiren un carácter e unha vontade firmes, unha conciencia moral equilibrada e valores sólidos nos que se fundamente a súa vida. Traballamos cun estilo de motivación e de proxecto persoal que se reflicte no aproveitamento do tempo e o bo uso do talento e da iniciativa. Promovemos o traballo en equipo e axudámoslles a adquirir un espírito de cooperación e sensibilidade social para servir a aqueles que teñen necesidades.

Ao xeito de María.

- María é modelo para o/a educador/a marista, como o foi para Marcelino Champagnat. Como educadora de Xesús de Nazaret inspira o noso estilo educativo. Dentro da comunidade cristiá e desde os seus comezos. María segue levando a cabo a súa misión de nai e de educadora. Vemos nela a nosa Boa Nai e o noso recurso ordinario.
- Por iso en honra de María, o noso colexio inspírase na súa figura e no seu nome, baixo a advocación de A INMACULADA.



Colexio Marista "A Inmaculada"
Lugo

PROXECTO EDUCATIVO

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO, ORGANIZACIÓN E IDEARIO

10/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

- En todo o que facemos asociámonos a María, para facer nacer a Xesús no corazón dos/das nenos/as e mozos/as. "Todo a Xesús por María. Todo a María para Xesús". (M.C.).

Presenza.

- Educamos, sobre todo, facéndonos presentes aos/ás nenos/as e mozos/as, demostrando que nos preocupamos por eles/elas persoalmente. Brindámoslles o noso tempo máis alá da nosa dedicación profesional, tratando de coñecer a cada un/unha individualmente. Persoalmente, e como grupo, establecemos con eles/elas unha relación baseada no afecto, que propicie un clima favorable á aprendizaxe, á educación en valores e á maduración persoal.
- Acercámonos ás vidas dos/das nenos/as e mozos/as. Creamos oportunidades para involucrarnos nas súas vidas e acollelos/as nas nosas. No labor escolar preocupámonos de prolongar a nosa presenza, a través de actividades de tempo libre, ocio, deporte, cultura ou calquera outro medio.

Sinxeleza.

- Na nosa ensinanza e estruturas organizativas, amosamos preferencia pola sinxeleza de método. A nosa maneira de educar, como a de Marcelino Champagnat, é personalizada, práctica e baseada na vida real.
- Isto reflíctese tamén no símbolo das tres violetas de tradición marista que representan o espírito de sinxeleza, humildade e modestia. Orientamos aos/ás nenos/as e mozos/as para que adopten a sinxeleza como un valor para as súas propias vidas, animándoos/as a ser eles/elas mesmos/as, en cada situación, abertos/as, sinxelos/as e fortes nas súas conviccións.